



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400ª

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: CONVOCATORIA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DO DÍA 1 DE ABRIL DE 2024

EXPEDIENTE: 2024/G010/000003

Considerando o establecido no artigo 46 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, no artigo 210 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia e no acordo plenario, adoptado na sesión extraordinaria celebrada o 13 de xullo de 2023, no que se di: ".../ **Primeiro:** Establecer que o Pleno celebre sesión ordinaria, con carácter bimestral, o último xoves de cada mes impar do ano, ás vinte horas (20:00 horas), no "Salón de sesións" da Casa do Concello.

A celebración do mesmo poderá adiantarse ou atrasarse ao primeiro día hábil laborable anterior ou posterior no caso de que o último xoves do mes coincida cun día inhábil ou non laborable, manténdose a hora da celebración nas vinte horas (20:00 horas)".

Á vista do exposto, dado que o día 28 de marzo de 2024, último xoves do mes de marzo (mes impar) é festivo e en consecuencia día inhábil, é polo que en uso das facultades que me atribúen o artigo 21.1 c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e o artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia e de conformidade co establecido no referido acordo plenario,

RESOLVO:

Primeiro. Convocar sesión ordinaria do Pleno, que terá lugar no "Salón de plenos" da Casa do Concello, **o vindeiro día 1 de abril de 2024 (luns) ás 20:00 horas**, coa seguinte orde do día:

PARTE I: ADOPCIÓN DE ACORDOS

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria celebrada o día 2 de febreiro de 2024.

2º.- Ratificación da Resolución da Alcaldía 117/2024, de data 18/03/2024, relativa á aprobación tras a súa corrección do proxecto de obra denominado "Mellora do firme existente en accesos ao núcleo de Loroxo e Algadán", incluído no POS+ COMPLEMENTARIO 2024 da Deputación da Coruña.

3º.- Ratificación da Resolución da Alcaldía 119/2024, de data 19/03/2024, relativa á corrección de erros no acordo adoptado polo pleno do concello, na sesión ordinaria de data 2 de febreiro de 2024, "POS+ ADICIONAL 1/2024" da Deputación da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios.

4º.- Aprobación provisional da modificación da ordenanza fiscal número 18, reguladora da taxa pola prestación do servizo de ensinanzas especiais en establecementos docentes.

5º.- Aprobación inicial do suplemento de crédito 1/2024.

6º.- Mocións de urxencia.

PARTE II: CONTROL ÓRGANOS DE GOBERNO

7º.- Dación de conta das Resolucións da Alcaldía.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no <https://sede.malpicadebergantinos.es> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento, artigo 27.3. c) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400ª

8º.- Dación de conta da liquidación do orzamento do exercicio 2023 (expte. 2024/T019/000001).

9º.- Dación de conta dos reparos emitidos durante o exercicio 2023 (expte. 2024/X999/000065).

10º.- Dación de conta do Informe resumo dos resultados do control interno no exercicio 2023 (expte. 2024/X999/000065).

11º.- Dación de conta dos Estados de execución do orzamento, correspondentes ao cuarto trimestre do exercicio 2023, en aplicación do disposto no artigo 16 da Orde do Ministerio de Hacienda 2105/2012, do 1 de outubro, enviados en data 30/01/2024 (expte. 2024/X999/000028).

12º.- Rogos e preguntas.

Segundo.- Notificar a presente resolución, con indicación dos recursos que proceda, aos/ás Sres./Sras. Concelleiros/as, dar traslado á intervención e proceder a súa publicación no taboleiro de anuncios do Concello.

En Malpica de Bergantiños, asinado dixitalmente polo Sr. alcalde, Eduardo J. Parga Veiga, ante min, a secretaria, Mª Loreto López Fernández, que asino aos únicos efectos de fe pública (artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo).